

III CERTAME

GaleTikTokers

6
PRÉMIOS
DE
300€



2 CATEGORÍAS

Mozas e mozos de 13 a 16 anos
Mozas e mozos a partir de 17 anos

INFORMACIÓN

662 377 215 - 616 083 229
normalizacion@concellodeames.gal
omix@concellodeames.gal

INSCRIPCIÓN

galetiktokers22@gmail.com
ata o 21 de outubro

ENTREGA DE PREMIOS

Sábado, 5 de novembro de 2022
Casa da Cultura do Milladoiro

BASES

1ª - OBXECTIVOS

O certame pretende estimular a creatividade entre a mocidade, animar a creación de vídeos en galego con novos formatos e temáticas e darlle visibilidade á comunidade galega de tiktokers.

2ª - PERSOAS DESTINATARIAS

Mozas e mozos a partir de 13 anos.

3ª - CATEGORÍAS

O certame divídese en dúas categorías e a adscripción a cada unha delas dependerá da idade das persoas participantes.

- **Primeira categoría:** mozas e mozos de 13 a 16 anos (ambas as dúas idades incluídas).
- **Segunda categoría:** mozas e mozos a partir de 17 anos.

4ª - PREMIOS

O certame establece **seis premios de 300 €**.

- **2 premios do público:** o vídeo con máis "gústame" no perfil de Instagram @omixames en cada unha das categorías.
- **4 premios do xurado:** os dous vídeos mellor valorados polo xurado en cada unha das categorías.

Os premios daranse a coñecer nunha gala o **5 de novembro de 2022**.

5ª - CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓN DOS VÍDEOS

- Os vídeos teñen que estar **en lingua galega** e deben ser de creación propia a través da aplicación TikTok ou dos reels de Instagram. **Será obrigatorio que a lingua teña presenza.** Esta presenza da lingua poderá ser de xeito oral, escrito ou musical.
- A **temática é totalmente libre** e terán cabida, por exemplo, pezas audiovisuais relacionadas coa música, o humor, o baile, a interpretación, os efectos especiais, o deporte etc.
- A duración de cada peza deberá estar comprendida **entre os 15 e os 60 segundos**.
- Non se admitirán vídeos con mensaxes violentas, denigrantes ou ofensivas.

6ª - PRAZO DE INSCRIPCIÓN DOS VÍDEOS E PROCEDEMENTO

O **prazo** de inscrición comeza ao día seguinte da publicación destas bases no BOP da Coruña e remata o **21 de outubro de 2022**.

Para participar no certame **debes solicitar un formulario de inscrición** no correo **galetiktokers22@gmail.com** e devolveo cuberto e asinado xunto co vídeo.

Todas as pezas admitidas subíranse ao Instagram da OMIX de Ames (@omixames) co cancelo **#galetiktokers**.

7ª - PREMIO DO PÚBLICO

Requisitos para votar: ser seguidor/a do Instagram da OMIX de Ames

A **votación** do premio do público realizarase a **través dos reels** publicados no perfil **@Omixames**.

Prazo para votar: Das 11.00 h do 25 de outubro ás 11.00 h do 27 de outubro (dous días)

8ª - XURADO

O xurado estará formado por persoas recoñecidas no ámbito audiovisual e nas redes sociais, que valorarán o atractivo das pezas no seu conxunto, tanto na forma como no contido, tendo en conta aspectos como a **orixinalidade, a creatividade, a claridade e a calidade lingüística**.

9ª - FASE FINAL

Publicaranse todos os vídeos admitidos a concurso, así como o seu título e autoría. Os datos persoais facilitados polas persoas participantes terán como única finalidade a participación no certame e procederase á súa eliminación unha vez se resolva esta convocatoria.

O Concello de Ames reserva o dereito de empregar os vídeos participantes na promoción do proxecto Galetiktokers en calquera das súas edicións.

A participación neste certame implica a completa aceptación das bases e das decisións do xurado designado.

PRAZOS:

Inscrición e envío dos vídeos: ata o **21 de outubro** de 2022

Votación do público (gústame): do **25 ao 27 de outubro** nos reels do perfil de Instagram da OMIX de Ames. Para poder votar será necesario ser seguidor ou seguidora do Instagram da OMIX de Ames.

Gala Premios Galetiktokers: 5 de novembro de 2022